



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 21 de agosto de 2014
Hora de comezo: 13.35 h
Hora de remate: 14:00 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria - Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Proposta de resolución do expediente de responsabilidade patrimonial**
- 3. Alta saneamento e abastecemento**
- 4. Proposta de alta no programa de alimentos da Cruz Vermella**
- 5. Modificación Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro e incremento do IPC tarifas da Escola Infantil Raiña Lupa para o curso 2014/2015**
- 6. Requirimento de limpeza de leira**
- 7. Aprobación de facturas “II Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón”**
- 8. Aprobación convenio de colaboración entre os concellos Boqueixón, Frades, O Pino e Vedra para execución dun plan integral de emprego**
- 9. Festivos locais 2015**
- 10. Solicitude anticipo de nómina**
- 11. Requirimento arranxo de fachada nunha vivenda unifamiliar en Pazos Lestedo**
- 12. Licencias municipais**
- 13. Aprobación de facturas**
- 14. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 7 de agosto de 2014.

2.Proposta de resolución do expediente de responsabilidade patrimonial

A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 3 de xullo de 2014 acordou iniciar o expediente de responsabilidade patrimonial por danos, sufridos no vehículo Audi A4, matrícula xxxxx, o cal circulando pola vía (078) de Lavacolla a Boqueixón, á altura do punto quilométrico 2.1, pasou sobre unha focha sen sinalizar de 16 x 20 cm. de profundidade, ocasionándolle un corte no pneumático dereito do vehículo, cuxa reparación ascende a 226,37 euros.

Considera o interesado, don Manuel L. xxxxx en nome e representación do propietario do vehículo, don Jesús Manuel xxxxx, que o punto quilométrico 2.1 da vía (078) de Lavacolla a Boqueixón, está dentro do termo municipal de Boqueixón.

Xunto coa notificación do inicio do expediente (8 de xullo de 2014, co número de saída 14/654), déuselle a don Manuel L. xxxxx, trámite de audiencia e púxoselle de manifesto a relación de documentos que obran no expediente.

O 29 de xullo de 2014, co número de saída 14/ 718 notifícase a don Manuel L. xxxxx, que se lle pon de manifesto o expediente, antes de redactar a proposta de resolución.

A vista de todo o actuado, o instrutor do expediente, con data 14 de agosto de 2014, dita a seguinte proposta de resolución:

ANTECEDENTES :

O 23 de xuño de 2014, co número de entrada 14/1180, don Manuel L. xxxxx, avogado, en nome de don Jesús Manuel xxxxx, co DNI número xxxxx, formula reclamación en materia de responsabilidade patrimonial da Administración, contra o Concello de Boqueixón, posto que o vehículo Audi A4, matrícula xxxxx, propiedade de don Jesús Manuel xxxxx , ao circular o día 12/02/2014 sobre as 12.15 h pola vía (078) de Lavacolla a Boqueixón, á altura do punto quilométrico 2,1 , pasou sobre unha focha sen sinalizar e de 16 x 20 cm de profundidade ocasionándose un corte no pneumático dianteiro dereito.

A reparación dos danos ocasionados ascende a 226,37 euros. (Achégase copia da factura).

Que no lugar compareceu a Garda Civil de Tráfico, a cal informa que o sinistro ocorre no termo municipal de Santiago de Compostela, punto quilométrico 2.

Que o sr. xxxxx presentou reclamación contra o Concello de Santiago de Compostela , o cal resolveu non recoñecer o dereito de indemnización xa que o punto quilométrico no que se produciu o sinistro está fóra do termo municipal de Santiago de Compostela.

SOLICITA que se indemnice a don Jesús Manuel xxxxx por importe dos 226,37 euros máis os intereses legais desde a data da presentación da reclamación.

A Xunta de Goberno que tivo lugar o 3 de xullo de 2014 acordou:

“1. Iniciar os trámites para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos segundo os cales se deba pronunciar a resolución e dar trámite de audiencia ó interesado a fin de que nun prazo de 10 días hábiles poida alegar e presentar os documentos e

xustificacións que estime pertinentes, para o que se lle facilitou unha relación dos documentos que obran no procedemento”.

O 8 de xullo de 2014, co número de saída 14/654, notifícase a don Manuel L. xxxxx, o inicio do expediente de responsabilidade patrimonial por danos e así mesmo a relación de documentos que obran no expediente, co fin de que poida obter copias dos que estime convenientes e que así mesmo poida no prazo de 10 días formular alegacións ou presentar documentación oportuna. Non presenta alegacións nen documentación no prazo sinalado. Con data 3 de xullo do 2014, o responsable do Departamento de Urbanismo do concello, en relación co expediente en materia de responsabilidade patrimonial da Administración, contra o Concello de Boqueixón, informa o seguinte:

“1º- Todos os datos recollidos ata este intre, son os expostos na solicitude presentada con data 23 de xuño do 2014, con rexistro de entrada número 1471180.

2º- Revisada toda a documentación aportada ó expediente, incluídas as fotos da focha, e o informe estatístico, cos datos xerais do accidente, o que abaixo asina, que emite o presente informe, con data 30 de xuño de 2014, realiza visita de comprobación e investigación da situación do dito accidente , mediante a cal se comprobaban os seguintes datos:

*Localizado o punto do accidente, e medidos os puntos quilométricos da vía (078), entre a estrada N 634, e o límite do Concello de Boqueixón, o mesmo localízase no **PK 1+600***

O límite do Concello de Boqueixón , localízase no PK 2+550.

CONCLUSIÓN: Analizada a documentación presentada e realizada visita de comprobación ó lugar do accidente, pódese determinar que existe un erro na descrición do punto quilométrico (2+100), que se aporta no informe estatístico cos datos xerais do accidente. De todas formas, tamén se fai constar que o punto quilométrico 2+100, non se encontra dentro dos límites municipais do Concello de Boqueixón.

Xunto a este informe incorpóranse os seguintes datos:

- Fotografías realizadas polo que asina este informe, sobre a localización do punto quilométrico no que se tivo lugar o suposto accidente, e que coinciden coas fotografías aportadas polo reclamante.*
- Plano da situación xeográfica (a escala 1:25.000, copia obtida do Mapa Topográfico Nacional de España) da vía (078), sobre o que se sinalan os puntos quilométricos 1+600 (lugar real do suposto accidente) e 2+100. No mesmo tamén figuran os límites municipais dos concellos de Santiago de Compostela, O Pino e Boqueixón.”*

Por outra banda tamén se aportan ortofotos e parcelario superposto, a escala 1:10000, en relación coa vía (078) que discorre desde Lavacolla a Boqueixón.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Os artigos 139 a 144 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.- O artigo 12.1 da Lei reguladora das bases de réxime local

3.-Os artigos 1 a 13 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

4.- O artigo 12 j da Lei 3/2014 do 24 de abril , do Consello Consultivo de Galicia.

Realizáronse todos os actos de instrución que son necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación datos, en virtude dos cales procede realizar a seguinte proposta de resolución.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Proponse rexeitar a reclamación en materia de responsabilidade patrimonial da Administración contra o Concello de Boqueixón, presentada por don Manuel L. xxxxx, en representación de don Jesús Manuel xxxxx, posto que o punto quilométrico 2,1 non se atopa dentro dos límites municipais do Concello de Boqueixón. O límite do Concello de Boqueixón, está localizado no punto quilométrico 2+550.

En Boqueixón 14 de agosto de 2014.

Á vista do cal a Xunta de Goberno acorda:

- 1) Rexeitar a reclamación en materia de responsabilidade patrimonial da Administración contra o Concello de Boqueixón, presentada por don Manuel L. xxxxx, en representación de don Jesús Manuel xxxxx, por importe dos 226,37 euros máis os intereses legais desde a data da presentación da reclamación, polos danos causados no vehículo Audi A4, matrícula xxxxx, ao circular pola vía (078) de Lavacolla a Boqueixón, á altura do punto quilométrico 2,1, xa que este punto quilométrico no que se produciu o accidente está fóra da competencia e xurisdicción deste concello, ao atoparse noutro termo municipal. Non existe relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público no Concello de Boqueixón e o dano producido, posto que o punto quilométrico 2,1 non se atopa dentro dos límites municipais do Concello de Boqueixón. O límite do Concello de Boqueixón, está localizado no punto quilométrico 2+550.
- 2) Comunicar este acordo ó interesado.

3. Alta saneamento e abastecemento

1º Alta saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Lugar
SOMÁN- PVC,-S.L	xxxxxx	xxxxx Avd do Vinteseis-Lestedo

Polo que, a Xunta de Goberno Local, de data do 21 de agosto de 2014, acorda:

1. **Dar de alta** no servizo de saneamento ós usuarios que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de sumidoiros, cuxa taxa xa consta ingresada nas arcas municipais polas promotoras das edificacións, Vitra Breogán, SCG.
2. **2.- Notificar** este acordo os interesados.

2º Alta abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento, inclúese como beneficiario ó usuario que se relaciona a continuación.

Nome	DNI	Lugar
SOMÁN- PVC,-S.L	xxxxxx	xxxxxx Avd do Vinteseis-Lestedo

Polo que, a Xunta de Goberno Local, de data do 21 de agosto de 2014, acorda:

1. **Dar de alta no** servizo de abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexeran pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento, cuxa taxa xa consta ingresada nas arcas municipais pola promotora da edificación, Vitra Breogán, SCG.
2. **Notificar** este acordo o interesado.

4.Proposta de alta no programa de alimentos da Cruz Vermella

Logo de ver o informe da traballadora social. a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar de **alta no Programa de Alimentos da Cruz Vermella**, a nome de:
 - Dona María xxxxx, con DNI xxxxx, veciña do lugar de xxxxxx – Loureda, ao reunir os requisitos establecidos no correspondente baremo e presentar dificultades para a cobertura das necesidades básicas de alimentación.
2. Notificar este acordo á interesada.

5.Modificación Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro e incremento do IPC tarifas da Escola Infantil Raíña Lupa para o curso 2014/2015

No Diario Oficial de Galicia, número 140 do 24 de xullo 2014, saíu publicado o Decreto 91/2014 do 17 de Xullo polo que se modifica o Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

O referido Decreto 91/2014 de 17 de xullo establece no seu artigo único:

1º.- Que os prezos públicos actualizaranse cada curso escolar, na mesma variación interanual positiva experimentada polo índice de prezos ao consumo (IPC) para a Comunidade Autónoma de Galicia no mes de xaneiro anterior ao ano do curso escolar.

2º.- Que as familias cunha renda per capita igual ou inferior a 7.500 € anuais gozarán da exención desta cota a partir do segundo fillo/a que acuda á mesma escola infantil e que as familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

Estas exencións serán de aplicación a partir do curso 2014 - 2015.

Posteriormente no DOGA do 29 de xullo de 2014 saíu publicada a Resolución do 21 de xullo de 2014 da Dirección Xeral de Familia Inclusión para que se actualicen os prezos públicos establecidos polo Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. Dita actualización efectúase en base aos datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística para a Comunidade Autónoma de Galicia no período transcorrido entre o mes de xuño 2013 e o mes de xuño 2014 que foi de 0,3%.

Ditos prezos establecidos na referida resolución serán de aplicación a partir do 1 de setembro de 2014.

Á vista de todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Incrementar o prezo da gardería municipal no porcentaxe do 0,3% correspondente ó IPC de xuño de 2013 – xuño de 2014, resultando os seguintes prezos:

<u>DENDE</u>	<u>HASTA</u>	<u>ASISTENCIA</u>	<u>COMEDOR</u>	<u>TOTAL</u>
0.00 € 0.00 €	30 % IPREM 159,75 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30 % IPREM 159,76 €	50 % IPREM 266,25 €	0,00 €	16,91 €	16,91 €
50 % IPREM 266,26 €	75 % IPREM 399,38 €	33,83 €	16,91 €	50,74 €
75 % IPREM 399,39 €	100 % IPREM 532,51 €	67,65 €	25,63 €	93,28 €
100 % IPREM 532,52 €	125 % IPREM 665,64 €	108,65 €	35,88 €	144,53 €
125 % IPREM 665,65 €	150 % IPREM 798,76 €	129,16 €	51,25 €	180,41 €
150 % IPREM 798,77 €	200 % IPREM 1.065,02 €	142,49 €	61,50 €	203,99 €
MAIS DE 1.065,03 €	IPREM MAIS DE 200 %	164,01 €	71,76 €	235,77 €

Tarifa de comedor días soltos: 4,10 €/ día.

Tarifa por hora que se incremente o horario de atención: 20,50 €/hora

2. As familias cunha renda per capita igual ou inferior a 7.500 € anuais gozarán da exención desta cota a partir do segundo fillo/a que acuda á mesma escola infantil e as familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.
3. Comunicar este incremento aos usuarios.

6.Requirimento de limpeza de leira

O 4 de agosto de 2014, co número de entrada 14/1442, dona Esther xxxxx, veciña do lugar de xxxxx en Lestedo, presenta escrito solicitando a limpeza da biomasa vexetal de unha leira, que estando preto da súa casa, ten abundante maleza. Manifesta ademais que o propietario da leira son os herdeiros de don Lino xxxxx.

A leira adicada a labor ou labradío seco, cuxa referencia catastral ten o número: 15012A506004900000WY e que é propiedade dos herdeiros de don Lino xxxxx.

Según informe do técnico municipal, do 18 de agosto, compróbase que “*a leira de Ref.:15012A506004900000WY, ten maleza. A maleza está a 4 metros do paramento vertical dunha casa.*

Existe risco de incendio.

Non se respectan as distancias sinaladas na Lei 7/2012 de Montes de Galicia”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010 de 25 de marzo sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.”.

O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “ Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización “.

O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos, queirugas, carqueixas, xestas, fentos, silvas e toxos).

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.

- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

5- A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

6- O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, segundo o disposto no artigo 21 ter.

Tendo en conta que na leira citada (preto dunha vivenda) existe abundante biomasa vexetal que supón un risco de cara a propagación de incendios e que non se cumpren as condicións de salubridade, a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir aos propietarios da leira cuxa referencia catastral é a número 15012A506004900000WY, herdeiros de don Lino xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente na mesma, nunha franxa de 50 metros perimetrais, respecto da vivenda de dona Esther xxxxx, no lugar de xxxxx Lestedo. A distancia medirase desde o paramento da vivenda.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ós propietarios obrigados.
3. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

7.Aprobación de facturas “II Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón”

O 10 de agosto celebrouse o II Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón 2014, dita actividade foi aprobada por Xunta de Goberno con data do 24 de abril de 2014.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

Aboar e imputar as facturas que se relacionan á actividade II concurso Cabalar de Boqueixón 2014:

Rexistro entrada	Razón social	CIF/NIF	Num. factura	Data emision	Concepto	Importe da factura
11/08/14	SERVETEQ	xxxxx	14-H/307	10/08/14	Servizos veterinario de equinos	200 €

12/08/14	Restaurante Vente Vindo	xxxxx	27/2014	10/08/14	Comidas II concurso cabalar	300 €
14/08/14	Hípica amazonas M ^a Elena xxxxx	xxxxx	9/2014	10/08/14	Paseos a cabalo para nenos	200 €

8.Aprobación convenio de colaboración entre os concellos Boqueixón, Frades, O Pino e Vedra para execución dun plan integral de emprego

No Diario Oficial de Galicia núm. 6 do 10 de xaneiro de 2014 saíu publicada a Orde do 23 de decembro de 2013 para a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2014 e 2015.

Para a presentación da solicitude da subvención, can data 7 de febreiro de 2014 asinouse un convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón, Frades, O Pino e Vedra no que se designa como entidade solicitante o Concello de O Pino, o cal levará a cabo a xestión integral do mesmo ata a xustificación e liquidación.

Os concellos comprométense a realizar un investimento do 15% do total da subvención concedida, do que corresponde ó Concello de Boqueixón o 3,75%. Esta aportación efectuarase co gasto do persoal.

Con data do 19 de xuño de 2014 a Directora Xeral de Emprego e Formación resolve conceder unha subvención de 60.000 euros para o 2014 e de 84.000 euros para o 2015.

Á vista do cal, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Aprobar o convenio asinado polos concellos de Boqueixón, Frades, O Pino e Vedra presentando para a solicitude da subvención para a posta en práctica dos programas integrados para o emprego.
- 2.- Aceptar a subvención concedida para Dirección Xeral de Emprego e Formación para importe total de 169.411,75 euros, de acordo coas seguintes condicións:
 - a) Ámbito territorial: concello de O Pino, Boqueixón, Vedra e Frades.
 - b) Número de participantes e colectivos: 60
 - c) Obxectivos de inserción: 40%; número de inserción: 24
 - d) Desagregación subvención:

Subvención 2014	Cofinanciación 2014	Subvención 2015	Cofinanciación 2015	Total subvención	Total custo proxecto (subv+cofinanciación)
60.000 €	10.588,23 €	84.000 €	14.823,52 €	144.000 €	169.411,75 €

3.- Prazos de desenvolvemento do programa: data de inicio: 1 de agosto de 2014, data de fin período de execución: 31 de xullo de 2015

4.- Designar a María Victoria Negrín Blanco como persoal técnico do Concello de Boqueixón para o desenvolvemento do citado programa.

5.- Dispór do fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal correspondente.

9.Festivos locais 2015

Con data 7 de xullo 2014, rexistro de entrada nº 14/1277, recíbese no concello a circular da consellería de Traballo e Benestar, pola que se solicita ao concello de Boqueixón que designe os dous días de festas locais no municipio para o ano 2015.

No presente ano 2014 establecéronse como festivos locais o 22 de xaneiro (San Vicente) e o 29 de maio (A Ascensión).

Debido a que non hai variación nos festivos locais para este ano 2015.

A Xunta de Goberno acorda designar festivos locais para o 2015 os días:

- 22 de xaneiro – San Vicente
- 14 maio – A Ascensión

Comunicar este acordo a Consellería de Traballo e Benestar

10.Solicitud de anticipo de nómina

O día 19 de agosto de 2014, xxxxx, con DNI xxxxx, traballador do Concello de Boqueixón, presenta escrito no rexistro de persoal, solicitando lle sexa concedido un anticipo de nómina dunha mensuralidade con base ó estipulado no convenio colectivo do concello de Boqueixón.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

Conceder ao traballador xxxxx un adianto de nómina por importe de 2.000,00 euros con desconto mensual de 200,00 euros durante 10 meses.

O adianto farase efectivo no mes de setembro, no que xa se realizará o primeiro desconto, e finalizará o mes de xuño de 2015. Nesta data o traballador deberá ter o anticipo devolto.

11.Requirimento arranxo de fachada nunha vivenda unifamiliar en Pazos - Lestedo

Con relación á vivenda con referencia catastral núm. 001902600NH43G0001IJ, localizada na parcela 5097 do polígono 506 de Catastro, no lugar de Pazos, parroquia de Lestedo, e debido ó seu mal estado de conservación, existen queixas verbais de terse producido pequenos desprendementos á vía pública.

A instancias da Alcaldía, a arquitecta municipal, dona María Carmen Novoa Sío, realizada visita ó lugar, con data do 18 de xullo de 2014 emite o correspondente Informe Técnico, que se transcribe a continuación:

1- Segundo consultas realizadas ós veciños, a vivenda leva bastante tempo sen uso. Así mesmo, existen queixas verbais conforme se teñen producido pequenos desprendementos á vía pública.

Realizada visita ó lugar, compróbase que a edificación obxecto do presente informe trátase dunha vivenda unifamiliar illada que consta de andares baixo e primeiro, de tipoloxía tradicional, con cuberta de tella a dúas augas, e estrutura de muros de carga, sendo de fábrica de cachotaría de pedra na planta baixa, e de fábrica de ladrillo na planta primeira revestido mediante enfoscado e pintado en cor branca.

Debido á falta de mantemento, o estado de conservación aparente das fachadas, fundamentalmente a que ten orientación norte, que linda directamente con vía pública, é deficitario, e obsérvanse diversas faltas no material de revestimento, e algúns danos no aleiro da cuberta.

2- A normativa urbanística autonómica vixente a día de hoxe, que é a redacción actual da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece o deber de conservación que teñen os propietarios de calquera predio ou edificación, do seguinte xeito:

Artigo 9º.-Deberes de uso, conservación e rehabilitación.

1. *Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:*
 - a) *Destinalos ós usos permitidos polo planeamento urbanístico.*
 - b) *Mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

[alínea 2 derogada pola Lei 15/2004]

3. *O deber de conservación a cargo dos propietarios alcanza ata o importe dos traballos correspondentes que non excedan o límite do contido normal daquel que, no caso das construcións, está representado pola metade do custo de reposición do ben ou de nova construción con características similares, excluído o valor do solo.*

4. *Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.*

Artigo 199º.-Deber de conservación e ordes de execución.

1. *Os propietarios de toda clase de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e carteis deberán mantelos nas condicións establecidas no artigo 9 desta lei.*

2. *Os concellos ordenarán, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización. Cando a entidade das obras o requira, o concello esixiralle ó obrigado a solicitude de licenza acompañada do proxecto técnico correspondente.*

3. *Tamén poderán ordenar as obras necesarias para adaptar as edificacións e construcións ao contorno, segundo o establecido no artigo 104 desta lei, tales como acabado, conservación, renovación ou reforma de fachadas ou espazos visibles desde a vía pública, limpeza e valado de terreos edificables, e retirada de carteis ou doutros elementos impropios dos inmobles.*

As obras executaranse a custa dos propietarios se estivesen dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde, e con cargo aos fondos da entidade que a ordene cando a superase para obter melloras de interese xeral.

4. *No caso de incumprimento da orde de execución de obras, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordenadas.*

3- Á vista do estado de conservación da vivenda, existe risco de maiores desprendementos dende a fachada norte á vía pública, polo que, de acordo coa normativa urbanística, os seus propietarios deberán efectuar as medidas necesarias para evitar dito risco.

Infórmase, ós efectos oportunos, e sen prexuízo de terceiros.

Tendo en conta dito Informe, a Xunta de Goberno Local, con data do 21 de agosto de 2014, acorda:

1. COMUNICARLLE ós propietarios da vivenda con referencia catastral 001902600NH4360001IJ, localizada no lugar de Pazos, parroquia de Lestedo, que **no prazo máximo de 30 días** deberán arranxar a fachada de dita vivenda que ten orientación norte e que linda directamente coa vía pública, ou en todo caso, deberán efectuar as medidas necesarias para evitar o risco de maiores desprendementos.
2. NOTIFICARLLE este Acordo a D. Severino xxxxx, con domicilio en xxxxx, – Castillo Arnuro, en Cantabria, como parte da Comunidade hereditaria de D. José xxxxx e D^a María xxxxx.

12.Licencias municipais

- a) Exp.: 14/1392 – Segregación da finca da finca catastral núm. 8120902NH4482S0001FL, emprazada no lugar do forte, na parroquia de Boqueixón

ANTECEDENTES:

Con data do 24/07/2014 (registro de entrada núm. 14/1392), por D. Manuel xxxxx, con DNI núm. xxxxx, preséntase unha proposta de segregación da finca catastral número 8120902NH4482S0001FL, subscrita polo arquitecto técnico, D. Pablo Ferreira Souto, Colexiado núm. 2706, situada no lugar do Forte, na parroquia de Boqueixón, e emprazada urbanisticamente en Solo Urbano.

Con data do 30/07/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítese o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, e para a realización dos traballos expostos na documentación presentada. En dito informe faise constar que se detecta un erro nos datos do proxecto que, en todo caso, non afecta á segregación prevista. Como aclaración, as superficies son as seguintes:

- Superficie bruta da finca matriz: 5.655 m².
- Superficie neta da zona segregada: 400 m².
- Superficie de cesión a viario: 94,10 m².
- Superficie bruta do resto da finca matriz: 5.160,90 m².

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 20/08/2014), así como a cesión municipal obrigatoria, asinada polo promotor, en aplicación do artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Polo que unha vez o expediente completo, na Xunta de Goberno Local, de data 21 de agosto de 2014, apróbase o seguinte ACORDO:

Primeiro:

CONCEDER, a don MANUEL xxxxx, a **Licenza Municipal de Segregación**, da finca con referencia catastral número 8120902NH4482S0001FL, situada no lugar do Forte, na parroquia de Boqueixón, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Número de expediente: 14/1392
02. Promotor da licenza: MANUEL xxxxx
03. N.I.F. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: SOLO URBANO
05. Tipo de Licenza: SEGREGACIÓN DE FINCA
06. Referencia catastral da finca N°.: 8120902NH4482S0001FL
07. Situación e emprazamento: O FORTE - BOQUEIXÓN
08. Técnico autor do proxecto: PABLO FERREIRA SOUTO. Arquitecto Técnico
09. Deberase proceder coa correspondente alteración catastral da segregación, mediante a presentación do modelo oficial 903N, ante a Xerencia Territorial do Catastro da Coruña.

1. - Descrición da finca matriz e das parcelas resultantes

1.a.- Finca matriz:

Finca con referencia catastral nº 8120902NH4482S0001FL (senalada co número 16 do Plano Xeral da Zona de Concentración Parcelaria de San Vicente de Boqueixón), da extensión superficial de 5.655,00 metros cadrados, segundo documentación catastral. Linda: Norte, Florentino xxxxx; Sur, estrada de Susana a Ponte Ledesma (AC-960 a Susana (N-523) P.K. 7+840); Leste, camiño e Oeste, Pablo Emilio xxxxx.

1.b.- Fincas resultantes:

1.b.1.- Parcela segregada B:

Parcela cunha superficie de 400,00 metros cadrados.

1.b.2.- Resto da finca matriz – Parcela A:

Parcela cunha superficie de 5.160,90 metros cadrados.

1.b.3.- Parcela de Cesión obrigatoria

Segundo o artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, cédese de forma gratuíta, ao Concello de Boqueixón, para a futura ampliación do camiño público, unha porción de terreo procedente da parcela segregada B, cunha extensión de 94,10m².

Segundo:

ACEPTAR, por parte do Concello de Boqueixón, a parcela de CESIÓN obrigatoria, procedente da parcela segregada B, descrita anteriormente, e destinar a superficie total desta cesión, ás futuras ampliacións da vía pública municipal existente, e que linda coa parcela cedida, fóra das aliñacións oficiais establecidas polo planeamento municipal.

b) EXPTE: 14/1094 – Solicitud de licenza municipal de obras para a ampliación dunha vivenda unifamiliar illada existente, no lugar de Lamas, na parroquia de Sergude

Promotores: Juan xxxxx e Marta xxxxx

ANTECEDENTES:

Con data do 12/06/2014 (registro de entrada núm. 14/1094), por Juan xxxxx, con DNI número xxxxx e Marta xxxxx, con DNI número xxxxx, preséntase un proxecto técnico básico e de execución, asinado polos arquitectos D. Alfonso Salgado Suárez e D. Francisco Liñares Tüñez, colexiados número 1913 e 2674, para a construción dunha edificación auxiliar, vinculada a unha vivenda unifamiliar illada, no lugar de Lamas, na parroquia de Sergude, e emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural.

Con data do 8/07/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un **informe técnico, favorable condicional**, que obriga ós promotores a presentar un anexo coas modificacións sinaladas neste. Así mesmo, no informe faise constar que á vista da documentación presentada, as actuacións previstas non se corresponden cun anexo á vivenda, senón que se trata dunha AMPLIACIÓN DE VIVENDA.

Con data do 9/07/2014 (registro de saída 14/659, de data 10/07/2014), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento dos promotores, que deben presentar a documentación correspondente, que se sinala no propio informe técnico, do que se lles da traslado dunha copia.

Con data do 15/07/2014, (registros de entrada núm. 14/1338 e 14/1339), por Juan xxxxx e Marta xxxxx, preséntase un anexo coa documentación requirida no informe técnico de data do 8/07/2014.

Con data do 18/07/2014, os Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emiten **informe técnico favorable** para a realización dos traballos expostos na documentación presentada, facendo constar no mesmo que, antes do inicio das obras deberase achegar: o oficio de coordinación de seguridade e saúde, así como o certificado de eficiencia enerxética rexistrado na Xunta de Galicia .

Con data do 18/08/2014, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa: o ingreso da taxa, que corresponde aboar pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 61,62 €; o Oficio de Dirección de Obra dos arquitectos Salgado e Liñares, S.L.P., colexiados número 1913 e 2674 e Oficio de Dirección de execución de obra do arquitecto técnico, don José Castor Campos Rodríguez, colexiado número 2109; polo que, unha vez o expediente completo, na Xunta de Goberno Local, de data do 21 de agosto de 2014, acorda:

Primeiro:

CONCEDER, a JUAN xxxxx e MARTA xxxxx, a **LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS**, para a “*ampliación de vivenda unifamiliar illada existente*”, sita no lugar de Lamas, na parroquia de Sergude, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

10. Núm. do expediente: **14/1094**
11. Promotores da licenza: **JUAN xxxxx e MARTA xxxxx**
12. DNI dos promotores: **xxxxx**
13. Clasificación urbanística: **SOLO DE NÚCLEO RURAL**
14. Tipo de Obras: **AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**
15. Situación e emprazamento: **LAMAS – SERGUDE**
16. Taxa pola solicitude da licenza: **61,62 €**
17. Orzamento de execución material das obras: **36.269,39 €**

18. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): **906,73 €**
19. Técnico autor do proxecto: **SALGADO E LIÑARES SLP** . Arquitecto
20. Prazos de execución:
- Para comezar as obras: **SEIS MESES**
 - Para terminar as obras: **TRES ANOS**

b.-) Condicións especiais:

21. Antes do inicio das obras, deberase achegar a seguinte documentación:
- Oficio de coordinación de seguridade e saúde.
 - Certificado de eficiencia enerxética rexistrado na Xunta de Galicia.
22. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas e seguros correspondentes.
23. Deberá instalarse o cartel de obra na parcela cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazo de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.
24. Deberanse cumprir tódalas condicións impostas no proxecto técnico, visado con data 10/06/2014, e toda a documentación complementaria presentada, que serve de base para a concesión desta licenza.

Segundo:

APROBAR, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **906,73 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: **xxxxx** - Abanca (Lestedo - Boqueixón).

13.Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 37.015,12 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

Nº	Nombre	Texto Explicativo	Prog.	Econ.	Importe
1	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ, S.L.	Mantemento alumeadado público mes de xullo	150	21200	3.771,17 €
2	SOC. EST. CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	Servizo franqueo pagado mes de xullo	920	22001	192,63 €
TOTAL					3.963,80 €

Aprobar as facturas pendentes de pagamento:

Nº	Nombre	Texto Explicativo	Prog.	Econ.	Importe
1	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	Reparar fallo pulsador descarga e revisar botonera camión do lixo	162	21300	74,56 €
2	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	Corcheras, rede volei, cesta de basket ,... Act. veran activo na piscina	334	61902	1.037,01 €
3	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	Balóns e bolsa portabalóns	341	22609	185,46 €
4	BOTANA GRANJA, MANUEL	Material reparacións varias (manta fibra, paletina, resina, acetona,...)	920	21200	62,91 €

5	COMERCIALES VEHICULOS INDUSTRIALES TAR, S.L.	Revisar fallo elevación, cambiar sensor e endereitar chapa camión do lixo	162	21300	453,31 €
6	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	Cartucho impresora gardería	920	21200	33,88 €
7	COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.	Gas pavillón e campo de fútbol do Forte	341	21200	178,05 €
8	DROGUERIA-FERRETERIA EL SOL S.L.	Cartuchos sikaflex, remaches, mosquetón,... reparacións varias	920	21200	20,24 €
9	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	Gasolina maquinaria P.Civil	130	22103	136,25 €
10	HÍPICA LA LAGUNITA	Campus deportivo	334	22609	250,00 €
11	L.SECOPE, S.A.	Xestión residuos punto limpo mes de xullo	162	21300	484,26 €
12	MARBE HISPANIA, S.L.	Obra tajeas en Vigo, A Granxa e Codeso	453	21200	1.071,64 €
13	MONTOUTO REPARACIONES, S.L.	Cambio pastillas de freo, aceite e engrase camión do lixo	162	21300	294,38 €
14	PAZOS Y VIEIRO, S.L.	Sinais metálicas con trípode	130	21300	100,04 €
15	RIO BLANCO, S.L.	Recole follas de fondo para piscina	341	21200	36,30 €
16	SANCHEZ CARRILLO, DAVID - COMERCIAL SANCHEZ	Arnés, carrete autocut40, Kit cuchillas, reparación fuga tractor viking...	163	22199	347,97 €
17	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	Prestación básica SAD mes de xullo	231	21000	1.301,12 €
18	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	Servizo de axuda a domicilio mes de xullo	231	21000	17.382,95 €
19	SOGAMA	Tratamento residuos urbanos mes de xullo	162	21300	9.194,01 €
20	TALLERES GONZALEZ, S.L.	Pletina e electrodos para reparacións varias	920	21200	32,58 €
21	TECNICAS & GRAMAXE, S.L.	Libros do I Certame de relatos escolares ""Xosé Neira Vilas""	334	22609	374,40 €
				TOTAL	33.051,32 €

14.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria - interventora.

A Secretaria – Interventora

Visto e prace
O Alcalde